



BASES CONCURSO IGUALDADE DE TIK TOK CONCELLO DE MELIDE

OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a realización dun concurso de Tik Tok na programación do 8M do Concello de Melide. Será unha cita dirixida á xuventude de Melide co fin de rachar cos estereotipos de xénero en torno ao 8 de marzo.

O reto terá lugar dende o día 1 de marzo ata o 15 de marzo. Todas as persoas participantes deberán subir o seu vídeo á plataforma Tik Tok a través do hashtag #RACHACOSESTEREOTIPOSDEXÉNERO. O contido dos vídeos deberán amosar como romper cos comportamentos estereotipados de xénero entre a mocidade, tales como, ridiculización dalgúns comportamentos, evidenciar os estereotipos na cultura popular (cancións, vídeos, libros...)...

REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poden presentarse a este certame todas as persoas de Melide, pero só accederán aos premios aqueles usuarios e usuarias de Tiktok de Melide de 14 anos en diante. Poderase comprobar na entrega de premios.

A participación pode ser de forma individual como máximo, sempre respectando as medidas sanitarias vixentes no momento.

PRAZO

O reto terá lugar dende o día 1 de marzo ata o 15 de marzo de 2021, inclusive .



PREMIADOS/AS

Resultarán premiados e premiadas tres persoas que cumprindo os requisitos do concurso resulten gañadores polo xurado formado por persoas da Concellaría de Política Social, Igualdade e Saúde do Concello de Melide e da equipa de intheMOVE. Os premios serán:

- Altavoz por bluetooth
- Auriculares inalámbricos
- Luz e sorporte para selfies e videochamadas

Os premiados e premiadas comunicaránse a través dos medios habituais do Concello de Melide e serán os premiados e premiadas os que se teñan que poñer en contacto no teléfono 981 50 50 03 ou no email cultura@concellodemelide.gal indicando o seu nome de usuario. Cos medios dos que se dispoñan acreditarase o cumprimento das bases.

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo. Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que se publicarán en concellodemelide.org será resolta pola organización.